

# Largando aparellos nos caladoiros do Morrazo. Outras unidades fraseolóxicas<sup>1</sup>

*Castling nets in the fishing grounds of Morrazo. Other phraseological units*

Grupo Maré  
salvaclase64@hotmail.com

Salvador Castro Otero  
<https://www.orcid.org/0000-0003-3354-5552>

Xosé Manuel González Barreiro  
<https://www.orcid.org/0000-0001-9651-1574>

Xosé Martínez García  
<https://www.orcid.org/0000-0002-1659-6270>

María Emma Tilves Pazos  
<https://www.orcid.org/0000-0003-1162-5324>

Lucía Durán Paredes  
<https://www.orcid.org/0000-0003-4876-8054>

Henrique Harguindey Banet  
<https://www.orcid.org/0000-0001-7540-2918>

Soledad Ríos Santomé  
<https://www.orcid.org/0000-0002-3822-3387>

Resumo: Edición de material fraseolóxico inédito recollido entre 2017-2021 na Península do Morrazo. Anótanse as variantes vivas e inéditas.

Palabras clave: fraseoloxía galega, traballo de campo.

*Abstract: Edition of unpublished phraseological material, compiled between 2017-2021 in the Peninsula do Morrazo. Variants are current and inedited.*

*Keywords: Galician phraseology, fieldwork.*

## 1. Introducción

Esta recadádiva quere ser un canto á filoloxía. Á filoloxía entendida como amor pola palabra e á filoloxía como disciplina que, entre outras tarefas, se ocupa de garantir a fidelidade aos textos. Este afecto leal polo gromo de vida que son as Unidades Fraseolóxicas (UUFF) moveu o labor deste grupo<sup>2</sup>. A paixón e a análise convertéronse

<sup>1</sup> Data de recepción: 02.08.21. Data de aceptación: 18.10.21.

<sup>2</sup> Para os interesados na conformación do grupo remitimos a Castro Otero *et al.* (2012: 373-374).

nun impulso, nun alento de vida, nun desexo de evitar o esquecemento, de proporcionar futuro, porque a misión do compilador, sobre todo cando traballa con linguas ameazadas, non é só impedir que un termo se perda, senón conseguir que o termo se revitalice.

Pode parecer un paradoxo, pero as recolleitas lingüísticas parecen non esgotar os caladoiros. Semella que, pola contra, fan que sexan cada vez máis abundantes, incluso con criterios tan restritivos como os que empregamos. Moitos dos nosos máis antigos informantes sufriron o contaxio das palabras que convocan, das rutinas que se converten en sorpresas. Aqueles falantes que noutrora respondían con timidez as nosas preguntas, abórdannos agora cun novo tesouro, cunha emoción renacida á calor dunha frase evocada. De xeito que podemos dicir que cada unha das entradas deste traballo, e tamén aquelas outras eliminadas por estar xa recollidas, convertéronse nunha festa. Mais tamén é verdade que esta escolla medrou na memoria, na lembranza dos xa non presentes; da necesidade de convocar a quen xa non estaba ou, neste tempo de pandemia, estaba afastado. Así, no tempo do silencio, no tempo da distancia, as palabras acercaban os ausentes, e o recordo convertíase nunha sorte de comuñón. Con todo, estas achegas terían un aire pechado se non contasen coa osixenación de fontes inéditas. Neste sentido foi enormemente enriquecedor para o grupo a incorporación de novas persoas ao equipo redactor e con elas a súa sabedoría, pero tamén novas citas procedentes do seu anovador mundo.

Esta recadádiva realizouse na península do Morrazo entre os anos 2017-2021. Recolle, en coherencia cos traballos anteriores (2005, 2012, 2017)<sup>3</sup>, material lexicográfico vivo nesta bisbarra e que non aparece en ningunha outra recompilación. Na nosa comarca, maioritariamente rural, atopamos zonas fortemente urbanizadas, mais a residencia nun núcleo urbano ou nunha aldea non modifica, no esencial, a natureza dos informantes, pois o contacto entre unhas zonas e outras é constante. Ademais, por idade (a maioría superan os 50 anos) residiron maioritariamente en lugares que nada teñen que ver cos actuais espazos e proceden de familias dedicadas ao mar e ao campo.

A obtención das unidades realizouse normalmente ao través da recollida directa —por extracción de conversas de informantes ou por coñecemento dos membros do equipo— contrastándose e depurándose logo eventualmente con outras persoas da localidade.

Para esta selección tivemos en conta, tal como pode verse na bibliografía, os principais dicionarios galegos, sobre todo o *Dicionario de Dicionarios*, os dicionarios fraseolóxicos e os distintos números dos *Cadernos de fraseoloxía galega*.

Cremos, ademais, que neste momento resulta improcedente, se queremos ser rigorosos e exhaustivos, non investigar as aparicións das UUFF na internet. Porén, non consideramos que calquera rexistro na rede sexa abondo para eliminar unha expresión. O feito de que unha fórmula ou un refrán apareza nun chat ou nun foro non é motivo para descartalos. Así, por exemplo, “Dios que te botou” aparece nesta ligazón: <https://www.facebook.com/lakozdegalecia/videos/1629717630474095/>. Isto demostra que está vivo e que, con seguridade, ten unha extensión xeográfica maior cá do noso campo de estudo, mais, ao

<sup>3</sup> Para unha explicación máis fonda da nosa opción remitimos a Castro Otero *et al.* (2017: 128).

non formar parte dun traballo lexicográfico que inclúa a definición e a clasificación, optamos por mantelo. Mais hai na web traballos lexicográficos e fraseolóxicos cuxo rigor e interese lingüístico é indubidable e, polo tanto, digno de consideración, como é o caso do blog Da Cerna<sup>4</sup> ou Fraseoloxía Carcamana<sup>5</sup>, por só citar dous exemplos. Polo tanto, cando a UUFF obxecto de análise aparecía en páxinas coma estas, eliminámola da nosa escolma, actuando do mesmo xeito que coas fontes canónicas.

Consideraremos *Unidades Fraseolóxicas*, seguindo a proposta de Ángelova e González-Espresati (2008: 16) “aquelas combinacións de palabras que se caracterizan pola alta frecuencia de aparición na lingua e están formadas por dúas ou máis palabras e cuxo límite superior é a oración”. As UUFF caracterízanse porque o seu significado non se deduce necesariamente da suma dos sentidos de cada un dos compoñentes; por seren fixas e estaren adoptadas por unha comunidade lingüística e porque os falantes as reproducen en bloque, como unha unidade.

Non pretende o noso traballo reflexionar sobre as distintas taxonomías relativas ás UUFF polo que optamos por seguir no esencial a proposta de Álvarez de la Granja (2003), mais non dubidamos en incorporar algunha categoría nova procedente das distintas recadativas publicadas por estes *Cadernos de fraseoloxía galega*. Co único fin de ordenar o noso corpus, dividimos as entradas en:

- *Locucións*: combinación de dúas ou máis palabras que funcionan como unha soa unidade léxica, que se poden subdividir en nominais, adxectivas, adverbiais, verbais ou clausais: “lan de ovella”.
- *Enunciados fraseolóxicos*: aqueles que, por si mesmos, constitúen un acto de fala. Dentro destes enunciados distinguimos: *refráns*: frase completa, con sentido alegórico, que ten valor universal e que ten forma sentenciosa: “flor de xaneiro, non chega ao froiteiro”; *fórmulas*: unidades que carecen de autonomía textual e teñen un significado social, expresivo ou discursivo: “canto mantén o pan de millo!” e *dialogismos*: fórmula en que a persoa falante simula falar consigo mesma ou cita textualmente ou seu propios ditos, ou os doutras persoas ou entes personificados: “castaña rapada que estás no camiño, deixa o teu amo e vente comigo”.

Nas entradas reproducimos en letra grosa a expresión tal como foi recollida dos falantes, colocando, cando foi preciso, entre corchetes *alguén/algo* no suxeito e no complemento, para indicar se se emprega con persoas ou con animais ou cousas. Cando na expresión existan realizacións diferentes (*o que* ou *quen* ou *andar* ou *ir*, por exemplo) empregaremos a barra inclinada (/) para sinalalo: *o que/quen* etc. Se a variante presenta moitos cambios nos elementos ou na orde, aparecerá despois dos exemplos sinalada por **Var.:** A continuación, se fose preciso, en itálica e en abreviatura (*iron.*, *vulg.*, *euf.* etc) indicacións sobre o uso. Logo, en letra redonda, vai a definición e seguidamente, en itálica, o exemplo<sup>5</sup>. Finalmente, tras o signo # poden aparecer as observacións.

<sup>4</sup> <https://dacerna.blogspot.com/p/vocabulario-b.html>.

<sup>5</sup> <https://illadearousa.blogspot.com/2009/05/xogar-testos-expresion-usada-para.html>.

Como xa quedou dito, intentamos reproducir fielmente as expresións dos nosos informantes, de modo que respectamos os dialectalismos morfolóxicos —por exemplo, a forma feminina en *-án* (*lan, irmán* ou *mañán*)— ou léxicos (*chuva* ou *caír*, por exemplo) e recollemos as diferenzas que poden rexistrarse nalgúns termos en distintas áreas da nosa recolleita (por exemplo, *agantar/aguantar* ou *pareu/pariu*). Tamén conservamos os castelanismos (*Dios, espalda* etc), aínda que, nestes casos, acompañámoslos dun asterisco (\*). Consideramos porén innecesario sinalar o seseo, a gheada ou as segundas formas do artigo (-lo, -la, -los, -las) e consecuentemente os alomorfos (lo, la, los e las) dos pronomes átonos de acusativo (*Dios a daba/ Diola daba* etc.).

## 2. Corpus

### 2.1. Locucións

1. **A paneche.** [Un vehículo] totalmente cargado. *—Iamos á venda no Berbés a paneche de chinchos.*
2. **Acabar coa reliquia.** Consumir a paciencia. *Téndesme ata arriba con tantos berros, acabádesme coa reliquia.*
3. **Aforrar no farelo e destragar na fariña.** Esforzarse inutilmente ou con escaso resultado ao se preocupar do secundario e descoidar o principal. *Non vai chegar a nada porque fai as cousas sen cabeza, aforra no farelo e destraga na fariña.*
4. **Agarrar do pano.** Estar alerta para tomar precaucións. *Imos ter que nos agarrar do pano, que as que veñen son de roer.*
5. **Aire do norte.** Ningunha cousa. *Daquela os mozos, que tomaban? Tomaban aire do norte, pero agora meten no corpo canta porcallada hai.*
6. **Amarrar á estrema.** Manterse na mesma idea ou posición. *Estiveron a negociar o convenio e el non estaba de acordo cos pactos. Amarrou á estrema e non houbo xeito.*
7. **Andar a bater nela/no mesmo.** Repetir incesantemente [algo] cunha actitude teimuda. *Andas sempre a bater nela e xa che dixen que non che vou comprar unha bicicleta.*
8. **Andar a lañar pedras.** Realizar accións inútiles e absurdas. *Miro pintou os valados, sempre anda a lañar pedras.*
9. **Andar a rogar pola porta.** Empeñarse en ofrecer [algo] que non ten valor. *Anda todo o día a rogar pola porta. Está empeñado en que ten unha roupa de augas do mellor. Pensa que ten un tesouro e ninguén llo quere.*
10. **Andar a/ ir pescar troitas.** Quedarlle [a alguén] o pantalón á altura dos tornecelos. *Vás ter que comprarlle ao rapaz un pantalón novo, parece que vai pescar troitas. Var.: Andar/ ir ás troitas.*
11. **Andar coa saia na man.** Estar moi canso. *Xa vexo que non podes máis, andas coa saia na man, despois de tanto choio.*

<sup>6</sup> A gran maioría dos exemplos son transcricións do escoitado ou, eventualmente, lido; mais a convicción profunda de que o traballo lexicográfico debe ter tamén un afán rehabilitador animou os redactores a elaborar modelos aplicados a novos contextos.

12. **Andar de cachicán.** Andar dun lado para o outro, sen traballar. *Eduardo non parou nunca na casa. Andou toda a vida de cachicán.*
13. **Andar na caixa dos mistos.** Meterse nunha empresa que ten moitas posibilidades de fracasar. *Ti sempre igual, non paras de andar na caixa dos mistos, sempre meténdote en cousas que non van a ningures.*
14. **Andar/ ir a pouco e amodo.** 1. Desprazarse lento e con paso curto. *–Xa marchou Genucha? – Si, pero cóllela en nada, que xa sabes que ela vai a pouco e amodo.* 2. Tomar a vida con calma. *Non me deas présa, para facer as cousas ben teño que ir a pouco e amodo.*
15. **Andar/ ir ao xeito do corpo.** Actuar de xeito tranquilo e sen precipitación. *Aquel señor Antón sempre foi toda a vida ao xeito do corpo, non había cousa que o desaquelese.* # Case é unha actitude para guiarse na vida.
16. **Andar/ir coma o tren da Laxe.** 1. Ser lento e parsimonioso. *Non vas dar rematado a calceta antes de que naza o meniño, vas coma o tren da Laxe.* 2. Chegar demasiado tarde. *Sempre andas coma o tren da Laxe, a xente xa está cansa de ti.* # O tranvía de Marín e Pontevedra recibía o nome de tren da Laxe.
17. **Arriar o gato.** Desprenderse [alguén] [de algo] por non lle quedar outro remedio. *Sempre se deixaba invitar pero afeárono e non lle quedou máis remedio que arriar o gato.*
18. **Bailar a carioca.** Darlle excesivas voltas [a un asunto] sen acabar de adoptar unha decisión. *–Teu irmán xa comprou a moto? –Non, ho, aínda anda a bailar a carioca e non se dá decidido por unha.*
19. **Boca de lan.** Persoa que puntualiza, contradí ou se opón sutilmente aos comentarios alleos. *–Ollo con Maruxa, que semella unha miñaxoia pero é unha boca de lan.*
20. **Botar como se \*fora para unha voda.** Servir comida e bebida abundantes, con fartura. *–Invitou o Nolo a probarlle o viño novo. –Pois imos alá que sempre bota como se \*fora para unha voda.* # Expresión que subliña as boas calidades dun anfitrión.
21. **Botar un fío.** Durmir brevemente. *Despois de xantar sempre teño que sentar a botar un fío se non non son quen de render no traballo.*
22. **Botarlle o burro á vaca.** Realizar unha acción absurda ou ineficaz. *–Queres tapar o buraco con ese trapallo? Pero iso é botarlle o burro á vaca.*
23. **Buscarlle as uñas ao gato.** 1. Querer atopar problemas onde aparentemente non hai ningún. *Nunca nada lle está ben, sempre lle anda a buscar as uñas ao gato.* 2. Retorcer os argumentos para levar a razón. *Halle buscar as uñas ao gato para saír coa súa.*
24. **Cachar/coller/pescar/pillar [a alguén] ás uvas/nas patacas.** Sorprender [a alguén] facendo ou dicindo algo que non debía. *–Ás veces é como un rapaz pequeno. O outro día cachárono ás uvas rompendo un farol.*
25. **Cagar na arada.** Estragar [un traballo]. *O verniz está fresco e ti pisas o parque; xa me cagaches na arada.*
26. **Cagar no invento.** Botarlle [a alguén] abaixo un proxecto que consideraba seguro. *–Contaba con pasar as vacacións en Portugal pero fecharon as fronteiras e cagáronlle no invento.*
27. **Chaqueta de lan.** 1. Persoa que carga cos traballos, coas responsabilidades,

- coas culpas e cos labores ingratos que ninguén quere. –*A nós salvounos a vida miña tía. Na nosa casa sempre foi ela a chaqueta de lan.*
2. Persoa mal amañada, que viste de xeito desarranxado. –*Miña pobre! Anda sempre como unha chaqueta de lan.*
28. **Cheo de moscas.** Persoa que carece de honra e consideración social. –*É un cheo de moscas, sempre anda roñoso por aí.*
29. \***Clavárselle [a alguén] o \*tenedor no lombo.** Ser unha persoa vaga e indolente. *O Cholo nunca fixo nada, sempre se lle \*clavaba o \*tenedor no lombo cando ía traballar.*
30. **Comer da veiga.** Ter moi poucos recursos para sobrevivir. *Naqueles tempos de miseria non había para ninguén e non lles quedou outra que ir comer da veiga.*
31. **Comer un gato correndo.** Tomar unha gran cantidade de comida sen ningún tipo de reparo. *O Luís come un gato correndo. Non para, ademais, o que lle botes.*
32. **Cona mantida.** Muller que vive a costa doutras persoas. *Esa sempre foi unha cona mantida, vive coma unha raíña e nunca traballou.*
33. **Cona seca.** 1. Muller obsesionada con aforrar en extremo. *Nada nos cartos pero é unha cona seca.* 2. Muller imposibilitada para procrear. *É unha cona seca, nin para ter fillos vale.* #Ten un uso exclusivamente pexorativo.
34. **Cortar a palla.** Andar cunha perna torta ou arqueada cara a dentro. *Co feitiña que é a filla de Pacucha, se non fose porque corta a palla.*
35. **Cuarto parado.** Peza da casa onde se gardan os obxectos pouco utilizados. –*Na miña casa tiñamos un cuarto parado. Nel sempre estaba todo de calquera xeito.*
36. **Dar no corno.** Persistir obsesivamente nunha idea ou actitude. *Endelí colleu a lideira do xogo e está todo o día a dar no corno co ordenador.*
37. **De cabo a chicote.** Expresa que se realiza un labor desde o inicio ata o remate de forma minuciosa. *Retirou todos os libros do andel e limpou o po de cabo a chicote.*
38. **De langueta/lanqueta.** De forma oblicua, de lado. *Tiñas que velo, dáballle ao balón de langueta e non había quen puidese paralo.*
39. **De media vida.** De segunda man, usado. *Onte comprei un coche, pero non é novo senón de media vida.*
40. **De nariz.** [Persoa] que desempeña o seu oficio con primor. *Si, contrátao, é un carpinteiro de nariz. Fai uns mobles finísimos, has quedar contento con el.*
41. **Día en que cantan os \*ánxeles.** Día solleiro, apropiado para gozar dunhas horas de luz e calor, normalmente despois de varias xornadas de chuvia. *Que ben está aí a sollar, señora aquela! Está un día en que cantan os \*ánxeles!*
42. **Doer a capadura.** Persistir un dano psicolóxico infrinxido. –*Hai tempo que se separou pero non quere recuncar. Seica aínda lle doe a capadura.*
43. **Durar menos que un peido.** Ser efémero, moi breve. *Tanto tempo agardando para subir aos cabaliños e ao final durou menos que un peido.*
44. **Encher os testos.** Acabar coa paciencia [de alguén]. *Cala dunha vez, vasmе encher os testos de tanto chorar.* # V. 63. “Levantarlle os testos”.

45. **Encher un dorneiro.** Estar moi pasado de peso. *O que tal engordou! Ela soa enche un dorneiro.*
46. **Escachar as pándigas.** Rir con grande intensidade, ás gargalladas. *Non mires a cara que tiña Alba mentres aquel home lle contaba a súa vida. Eu escachaba as pándigas.*
47. **(Estar a) tocar o corno.** Vocear, chamar a gritos. *Non toques tanto o corno que xa te escoitou.*
48. **Estar como un cagasteiro.** Presentar [alguén] un estado de moita deterioración ou esgotamento. *–Non podo comigo, estou como un cagasteiro.*
49. **Estar como unha duela.** Estar [unha persoa] moi delgada. *Anda todo o día a correr e xa está como unha duela.*
50. **Estar de cona.** Estar [alguén] impertinente ou de mal humor. *Non hai quen te ature, hoxe estás de cona.*
51. **Estar na barriga da nai.** Faltar moito tempo para que algo aconteza. *Disque van arreglar o problema pronto, pero eu creo que aínda está na barriga da nai.*
52. **Facer [dunha persoa] un cagasteiro.** Tirar un proveito deshonesto de alguén, abusar. *Ten ese rapaz tan consentidiño que fai dela un cagasteiro.*
53. **Facer a ronza.** Roldar [a alguén] co fin de conseguir un beneficio propio. *Estivo toda a tarde a facerlle a ronza. Quería que lle emprestase o coche.*
54. **Facer cousas de cabo escuadra.** Actuar sen pensar. *Xa sabes como é. Faiche cousas de cabo escuadra.*
55. **Facer dun peido un conto.** Expresar [algo] dándolle proporcións excesivas. *Xa estamos nas mesmas, ti sempre fas dun peido un conto*
56. **Facer galletas de fariña de landra.** Obter beneficios nun negocio sen apenas esforzo, mesmo estafando. *Sindo era moi furón, sempre lle dou para diante, mesmo facía galletas de fariña de landra.*
57. **Fincar as patas de atrás/Fincarse nas patas de atrás.** Manter unha actitude brava, porfiada. *Parece parvo, pero fincado nas patas de atrás non hai quen llas dea.*
58. **Ir [algo] pola gorxa vella.** Ir [algo] pola traquea. *Non paraba de tusir. Seica lle foi o leite pola gorxa vella. #* A variante “Ir pola gorxa do vento” foi recollida en Castro Otero, Salvador e outros (2017).
59. **Ir estirar a cagalla.** Camiñar co fin de distraerse. *Xa me doe a cabeza de tanto estudar. Vou estirar a cagalla.*
60. **Ir pasar as putas a baldeo.** Ir e vir sen proveito, sen conseguir o que se pretendía. *Quería ter conseguido a ferramenta que quería pero fun pasar as putas a baldeo.*
61. **Ir/marchar cantando baixiño.** Retirarse unha persoa abatida ou humillada tras recibir unha reprimenda xusta. *–Tiñasme que ver. Levaba anos calando, mais desta vez non deixei palabra na boca. Marchou cantando baixiño. Var.: Ir/marchar cantando de crego.*
62. **Levantar a poubea.** Mudar de residencia en procura de mellor vida. *Vivían con tantos fillos naquel casarello no medio do monte que non lles quedou outra que levantar a poubea. #* En González González (2012) aparece poubea como ‘casa pequena e de aspecto pobre’.
63. **Levantarlle [a alguén] os testos.** Provocarlle [a unha persoa] dor de

- cabeza. *Leva toda a mañá repetindo o mesmo, levántame os testos. V. 44. “encher os testos”.*
64. **Levar/quedar o pantalón gaitero.** Estar curto [un pantalón]. *Vai pensando en levar o neno á feira, que xa lle queda o pantalón gaitero.*
65. **Marchar co rabo levantado.** Abandonar [alguén] [un lugar] enfurruñado por unha reprimenda. *–Despois das que levou, estaba escaldado e marchou co rabo levantado.*
66. **Mirar a \*Dios polos pés.** Superar un grande apuro. *Non sabes nas que se meteu. Mirou a \*Dios polos pés.*
67. **Morte roubada.** Morte prematura e inesperada. *O do fillo de Pepa foi unha morte roubada, meu pobre, non chegaba aos vinte anos.*
68. **Navallarlle [a alguén] o corpo.** Provocar unha forte angustia ou sufrimento [alguén] cando se lle dá unha moi mala noticia. *Dixéronlle que lle recuncara o cancro. Ten moi mal prognóstico. Xa lle navallaron o corpo.*
69. **Non coller boia.** Non ser quen de realizar algo por estar enfermo ou incapacitado temporalmente. *Hoxe non collo boia, teño unha gripe que me ten aparvada.*
70. **Non dar nin para un guiso de \*alambre.** Ser unha persoa moi delgada. *Desde que estás no ximnasio quedaches nos ósos, non dás nin para un guiso de \*alambre.*
71. **Non dar nin ter.** Estar [alguén] ás portas da morte. *Veño do hospital de visitar a miña sogra que a pobre está que nin dá nin ten.* # Só se emprega en 3ª persoa.
72. **Non dar o \*nombramento.** Non ser capaz de conseguir [algo]. *Por moito empeño que puxen en quitar o carné non me deu o \*nombramento.*
73. **Non dar/ter boa pía.** Provocar [alguén ou algo] desconfianza. *Coñecino onte pero non me deu boa pía.*
74. **Non lle pedir permiso ao sentido para falar.** Expresarse imprudentemente. *–Ti non lle pides permiso ao sentido para falar, rapaz. Mira que dicirlle ao xuíz que non che gustaba a súa gravata... Logo queres que a multa sexa pequena.*
75. **Non poder volver o viño á redoma.** Ser [unha situación] irreversible. *Canto hai que Chicha me quitou a fala! Pois agora xa non pode volver o viño á redoma.*
76. **Non quentar o sol [a alguén].** Non sentirse contento. *–Máis che valería estar calado. Se non o dicías, non te quentaba o sol.* # Utilízase necesariamente cunha premisa condicional primeira.
77. **Pan de cona.** Home que casa por interese económico. *Non quería nada con Inés, pero como o pai é armador, non lle importa casar con ela, é un pan de cona.*
78. **Papaché do balandro.** Persoa tida por pouco espelida, parva. *Pero ti, raio papaché do balandro, como metiches a gasolina no caldeiro do pozo?*
79. **Parecer unha forella sen corda.** Presentar [unha muller] un aspecto desleixado ou pouco grácil e inseguro. *Non sei como non se amaña un pouco, sempre anda coma unha forella sen corda.* # Unha forella é unha ovella nova, aínda por rematar de medrar, que anda con movementos descoordinados, torpes, con pouca graza.
80. **Pasar leste.** Carecer de medios para comer, padecer fame. *Meus avós*



- sempre contaban que os anos corenta foron os tempos da fame e pasaron leste.*
81. **Pedirille [alguén] permiso a unha man para mover a outra.** Actuar alguén con preguiza. –*Como vas contar con el? Xa o miras, parece que lle vai ter que pedir permiso a unha man para mover a outra.*
82. **Peixe fino.** [Persoa] de pouco fiar. –*De todas as maneiras, non se fie nin un pelo dese peixe fino! -advertiulle Marcial, cun xesto moi serio-. Ese individuo ten dúas caras e anda sempre con comenencias.* (Parcero, 2021)
83. **Poñer canizas.** Encher totalmente [un recipiente]. *Non me enchas máis a cunca de caldo que lle vas poñer canizas* # As canizas eran suplementos que se lles poñían aos fungueiros do carro para aumentar a capacidade de carga.
84. **Quedar no cuarto da \*salú.** Quedar [alguén] a salvo nun asunto sen padecer as consecuencias negativas. *Juana era a que sempre facía as propostas máis negativas pero, á hora da verdade, quedaba no cuarto da \*salú.*
85. **Quedar picha arriba.** Quedar moi canso. *Cavar, cavaron toda a veiga nunha tarde. Iso si. despois quedaron picha arriba.*
86. **Quitarlle ao ollo.** Roubarlle horas ao sono para dedicalas a unha actividade. *Quitoulle ao ollo moitas noites para estudar a oposición.*
87. **\*Recorrer as caravainas.** Andar de aquí para alá, sen rumbo nin itinerario fixo. *Maruxa non tiña paraxe. \*Recorría sempre as caravainas.* # En Alonso Estraviz (1986) aparece a expresión “andar de paravana”, co mesmo significado.
88. **Rillar/ Quentar a ourella.** Insistir moito. –*Deixa de quentarme a ourella. Non vas conseguir nada.*
89. **Ser coma un liscanzo.** Ser unha persoa que actúa con axilidade e eficacia. –*Vai vir chover e deixei a roupa estendida na casa. –Pois chama a Viruca, que é coma un liscanzo e xa cha recolle.*
90. **Ser como Me e Triquité.** Andaren dúas persoas sempre xuntas. –*Pasou Lucho? –E non ía con Pepe? Que raro, eses son como Me e Triquité!*
91. **Ser como o gato para o unto.** Ser home obsesionado con manter relacións sexuais coas mulleres. *Aquel Nucho era como o gato para o unto, daba noxo miralo a goitear pola festa ao que lle caise.*
92. **Ser como o que lavou os pés e atopou os dedos.** Ser unha persoa pouco esforzada e dilixente. –*Non contes con el, é como o que lavou os pés e atopou os dedos; vas ter que rematar ti todo o traballo.*
93. **Ser como To e mais Me / Tanto ter To como Me.** 1) Actuar [dúas persoas ou animais] como un único ser. –*Está Seso? –Non, marchou botar a partida co Laberco, son coma To e mais Me.* 2) Ser [dúas opcións] similares. –*Que prefires? Cavar ou encher nas patacas? –Éche o mesmo, tanto ten To como Me.* #1: *To!* é voz para mandar un animal (principalmente can ou boi) estarse quieto e con toda probabilidade é unha aférese de *Quietoooo!*; *Me!* é a voz da ovella ou castrón. 2: *To* forma parte do esconxuro *To, demo!* 3: *To e me* son as dúas sílabas que constitúen o antropónimo Tomé. 4: Antonio Benito Fandiño (1779-1834) é autor dun epigrama que di: *Glorioso Santo Tomé, /*

- tedes dous nomes nun só: /sodes castrón polo Mé /e sodes can polo Tó.*
94. **Ser de cabo escuadra.** Ser [muller] de forte carácter. –*Ten coidado con ela, que é de cabo escuadra.*
95. **Ser dos que o rei mandou chamar.** Ser [unha persoa] que cre saber de todo. –*Ese choio xa cho soluciona meu cuñado cando queiras.* –*Vaite de aí hom, si, ese é un dos que o rei mandou chamar.*
96. **Ser máis revirado que a cañota/o pau dun carballo.** [Persoa] de carácter violento ou complicado. *Sempre anda metido en leas, é máis revirado que a cañota dun carballo.*
97. **Ser un caga na cubeta.** Ser [alguén] moi delicado. *A Muchiña colleu un mozo de Marín, un caga na cubeta.* # Este apelativo aplicábase exclusivamente aos mariñeiros de Marín que non querían facer de corpo pola borda, como era o habitual.
98. **Ser un can lareiro.** Ser home que anda detrás de todas as mulleres, dun lado para o outro. *Manuel sempre andaba detrás das mulleres. Servíanlle todas. Sempre foi un can lareiro.*
99. **Ser un garrafón sen cu.** Ser unha persoa que bebe en exceso. *Pode beber o que lle botes na cunca, tanto lle ten branco coma tinto, é un garrafón sen cu.*
100. **Ser unha veiga aberta.** Ser unha persoa xenerosa, voluntariosa, servizal. –*Sempre nos axuda coa tarefa. Dá gusto con ela. É unha veiga aberta.* # En Castro Otero et al. (2017) aparece esta expresión co sentido de ‘Persoa que gasta sen tino nin control’.
101. **Ter a cheminea a popa.** Ser [unha persoa] inconstante e mudable. *É un home sen sentido ningún. Sempre tivo a cheminea a popa.*
102. **Ter algo de porco.** Provocar receo [alguén]. –*Ti di o que queiras pero para min que algo de porco ten, non me digas por que pero non me fío nada del.* # A manifestación máis habitual é “algo de porco ten/tiña”.
103. **Ter estrelas na alma.** Estar alegre. –*Ben se ve que a nena ten estrelas na alma, non para de xogar e rir toda a mañá.*
104. **Ter gana de colo.** Non deixar rematar unha conversa á que se lle leva dando voltas moito tempo. –*Déixame a cabeza tranquiliña que hoxe non hai maneira. Xa miro que tes gana de colo.*
105. **Ter gana de leria mais de sursura.** Excesiva insistencia [nun tema] ou impertinencia. *Cala un pouco, ho, levas todo o día con gana de leria mais de sursura.*
106. **Ter moita puga.** Desexar intensamente e con urxencia. *Tendes moita puga por comer as chulas, esperade un pouco a que acabe de fritilas todas.*
107. **Ter os collóns negros.** Ter moita experiencia [en algo]. –*Non te preocupes tanto por el que lle sobra de saber como facelo. Xa ten os collóns negros.* **Var.: Ter os collóns do color da perneira.**
108. **Ter un xenio que non o deixa durmir.** Ser persoa conflictiva, amiga dos enfrontamentos. *Cando xogaba ao fútbol, tiña un xenio que non o deixaba durmir; non había partido que non se pegase cun adversario.*
109. **Tes a manía no pé como o tolo de Meiro.** Ser [alguén] moi inqueda. –*Contigo non hai forma de acougar; tes a manía no pé como o tolo de Meiro e non hai forma de que pares.*

110. **Tirar do aire.** Provocar [a alguén] con intención de que perda o control. *Se vas estar con Genucho non lle volvas dicir que perdeu a partida, que ti es moito de tirar do aire.*
111. **Tragar un \*tenedor/comer un \*tenedor.** Ter [alguén] unha actitude vital de vagancia e desidia. *Eusebio non traballa nin que o mates, parece que tragou un \*tenedor.*
112. **Untar o biqueiro.** Corromper para obter privilexios, subornar. *Haslle ter que untar o biqueiro ao alcalde para que che dea a licenza de obra.*
113. **Vender peixe.** Criticar a outras persoas. *—Cada vez levo peor ir cortar o pelo. Son tremendas alí. Sempre están a vender peixe.*
114. **Volver o porco ao cortello.** Desdicirse dunha opinión ou decisión. *Despois que lle explicamos o que había, decidíu volver o porco ao cortello.*
115. **Xuntar o sentido con [alguén].** Tratar de razoar con alguén que non dá entendido. *Perdín o tempo tratando de explicarlle a Pacucho que as lámpadas que levaba eran máis caras e tiña que pagar a diferenza. Mira ti con quen fun xuntar o sentido.*

## 2.2. Enunciados fraseolóxicos

### 2.2.1. Refrás

1. **A cabra co vicio dá co corno no cu.** Reprocha a actitude de folganza e o feito de telo todo sen esforzo, que pode levar a realizar accións absurdas, pouco proveitosas. *Déronlle todo o que quixo e agora meteuse a apostar. Xa se sabe, a cabra co vicio dá co corno no cu.*
2. **A coller bagos unha vella fixo sete canados.** Defende que coa constancia das pequenas accións se logran grandes resultados. *Suspendiches o exame? Xa che dixen que non o deixases todo para o último día, a coller bagos unha vella fixo sete canados.* # En González Guerra (2012: 303) aparece a expresión: “Unha vella de bagos xuntou cen canados” co significado de: [Dise na vendima para animar os vendimadores a que apañen os bagos caídos no chan].
3. **A sardiña lañada, ben cocida, mal asada.** Aconsella cocer a sardiña salgada e non preparala doutros xeitos. *—Que xeito de estragar o peixe, asalo! Xa che teño dito mil veces que a sardiña lañada, ben cocida, mal asada!* **Var.:** **A sardiña lañada sabe en caldeirada.**
4. **Ao mellor cazador escápalle un paxaro.** Expresa que todo o mundo comete erros. *Tiña fama de infalible pero non era tal. Xa sabes, ao mellor cazador escápalle un paxaro.*
5. **As ganas de casar veñen como as de cagar.** Expresa que o desexo de emparellarse aparece de modo natural e espontáneo. *—Eu, miña nai, non penso casar nin a tiros. —Si, meu fillo si, iso dílo agora, pero as ganas de casar veñen como as de cagar.*
6. **As luras cóllense ás escuras.** Aconsella actuar con discreción e sixelo das accións propias. *—Aí tes a Ramón, sempre tan reservado e prudente. —Fai ben, as luras cóllense ás escuras!*
7. **As perliñas en abril polo aire se miran vir.** Describe a forma clara e transparente da choiva miúda no mes citado. *—Vaia poalla que temos nestes*

- días, non se pode saír da casa. –Non te queixes, ho, que as perliñas en abril polo aire se miran vir.*
8. **Can que entra en Meira, non sae.** Indica que todo home que mocea en Meira casa alí. *Comezou de noivo con Clara e casaron deseguida. Xa sabes, can que entra en Meira non sae.*
9. **Cando nace un sapo na Portela, unha sapa nace en Redondela.** Expresa que as parellas comparten a mesma condición; sempre hai unha parella para cada persoa. *A muller de Manuel é unha baldrogas coma el, cando nace o sapo na Portela, nace a sapa en Redondela. Var.: Cando nace o sapo, nace a sapa. # En Castro Otero et al. (2017) aparece: “Aínda que estea na banda do mar, o sapo á sapa vai atopar”, e a variante: “Sempre hai un sapo para unha sapa”.*
10. **Cando pola \*Candelaria chove ou venta inda o inverno entra, sen chover e ventar metade do inverno está por pasar.** Advirte de que, por riba das condicións meteorolóxicas que esa data presente, a Candeloria marca a metade da estación do inverno. *–Onte foi día da \*Candelaria: que tempo teremos de aquí para adiante? –Cando pola \*Candelaria chove ou venta inda o inverno entra, sen chover e ventar metade do inverno está por pasar. # 1. Existe a variante léxica Candeloria. 2. Esta festa celébrase o dous de febreiro. (V. 37).*
11. **De marzo a abril vai un día.** Expresa a similitude ou proximidade entre dous elementos que aparentemente son moi diferentes. *Non parecen irmáns, lévanse como gatas, pero de marzo a abril vai un día.*
12. **Hai corpos ruíns que non queren cousas boas.** Constata a existencia de xente que non aprecia o que se lle ofrece. *–O xoves fomos ao Grove a tomar unha mariscada e vai o meu cuñado e pide ovos fritos. –Estache visto que hai corpos ruíns que non queren cousas boas.*
13. **Hai máis días que chourizos.** Indica que hai tempo para levar adiante os asuntos pendentes. *–Esquecín traerche o libro de volta. –Non te preocupes ho, hai máis días que chourizos.*
14. **Mexo de can, cartos na man.** Expresa que, ás veces, unha contrariedade pode provocar un resultado positivo. *Botárono daquel choio e agora ten un mellor. Mexo de can, cartos na man!*
15. **Míranse os corpos pero non as eivas.** Advirte de que non se pode xulgar a saúde das persoas só pola aparencia externa. *–Que ben estás! Recuperácheste moi ben da operación. –Quen me dera, míranse os corpos pero non as eivas.*
16. **Na casa, dúas portas: unha para entrar \*Dios e outra para saír o demo.** Aconsella que as casas teñan dúas portas. *Non esquezas dicirlle ao arquitecto que queredes dúas portas. Xa sabes; unha para entrar \*Dios e outra para saír o demo.*
17. **O cu mal vezado deixa o seu dono avergonzado.** Señala que quen non ten boas maneiras sempre queda en evidencia. *Botaron o teu fillo da clase porque insultou o profesor, xa se sabe que o cu mal vezado deixa o seu dono avergonzado.*
18. **O cura casa e manda para a casa.** Advirte sobre os problemas de convivencia dos matrimonios novos. *Moito cursiño prematrimonial, pero a*

- última hora o cura casa e manda para a casa.*
19. **O de fóra chega tarde e sen hora.** Expresa que o convidado non ten obrigas. –*Estamos agardando por Filipe para comezar. –Por quen? Por Filipe. Ben se ve que non o coñeces, o de fóra chega tarde e sen hora. Var.: O que vén de fóra chega tarde, mal e sen hora.*
20. **O demo, cando non ten que facer, caga na casa por ter que varrer.** Reproche ás persoas que non son quen de estar ociosas. *Tiña tres días libres e púxose a limpar o que xa limpamos. O demo, cando non ten que facer, caga na casa por ter que varrer. Var.: O que non ten que facer, caga na casa eponse a varrer.*
21. **O fillo do patrón caga ao pé do temón e o fillo do amo, caga ao pé do \*palo.** Expresa que quen manda pode imponer a súa vontade. –*Ti moito que lle vas dicir ao xefe, que lle vas cantar as corenta, mais o fillo do patrón caga ao pé do temón e o fillo do amo, caga ao pé do \*palo.*
22. **O que come por man de outro, come moito e engorda pouco.** Expresa o valor de coidar dun mesmo e non depender de ninguén. –*Non te poñas a cociñar agora, acabamos máis logo pedindo unhas pizzas. –Ai non, que o que come por man de outro, come moito e engorda pouco.*
23. **O que non é ben logrado, non é \*desfrutado.** Critica a adquisición feita con enganos. *De que lle valeu facerse con todo o capital dos pais deixando fóra os irmáns? Para que a última hora llo levase o banco, o que non é ben logrado non é \*desfrutado. V. 26. “O roubado chora polo amo”.*
24. **O que non ten casa nin barco cada día pega o seu salto.** Advirte da necesidade de lograr unha estabilidade económica para poder subsistir con tranquilidade. *Andas por aí, sen control, gastando o pouco que tes e mira que o que non ten casa nin barco cada día pega o seu salto. Ti verás o que fas.*
25. **O que vale para o trunfo (tamén) vale para a brisca.** Esixe a quen andou de folganza que participe tamén no traballo. *Onte foiche boa, déronche as cinco da mañá sen chegar á casa. Agora non queres levantarte, mais, “A levantarse!”, que o que vale para o trunfo tamén vale para a brisca.*
26. **O roubado chora polo amo.** Afirma que o conseguido de xeito ilícito non se goza con tranquilidade. –*Parece que a ninguén lle gusta a compota? O roubado chora polo amo, xa o di o refrán, as mazas collinas no lance. V. 23. “O que non é ben logrado, non é \*desfrutado”.*
27. **Onde non hai cabeza todo é rabo.** Úsase para criticar os fallos constantes propios ou alleos. *Volvín perder as chaves do coche. Onde non hai cabeza todo é rabo.*
28. **Polo \*jueves santo, un mes de adianto.** Recomenda unha época para sementar as ervellas. –*Como che están a vir para arriba as ervillas. –Xa canto hai que as plantei, xa sabes, polo \*jueves santo, un mes de adianto. # Tradicionalmente os traballos agrícolas guiábanse polo calendario lunar. O Xoves Santo sempre coincide no plenilunio de primavera.*
29. **Pouco e nada todo é un.** Expresa que algo é moi escaso ou ruín. *Tócanos*

- cadansúa sardiña. É o que hai! Pouco e nada todo é un.*
30. **Quen con cans anda, a ladrar aprende.** Advirte sobre as consecuencias de andar con malas compañías. *Sabiamos todos que ía acabar mal, pasar os días con aqueles barallos. Quen con cans anda, a ladrar aprende!*
31. **Quen lonxe vai casar, pan e porco vai buscar.** Critica a quen busca o matrimonio lonxe por absoluto interese. *Non lle sobran mozas na contorna que mirade onde foi parar! Quen lonxe vai casar, pan e porco vai buscar!*
32. **Quen nace de burro queda de albarda.** Expresa as dificultades de librarse dos ditados da fatalidade do destino. *O pobre nunca puido chegar a máis, traballando toda a súa vida para isto. Quen nace de burro queda de albarda.*
33. **Quen os teña que os manteña.** Reproba a posibilidade de encargarse dos fillos de outro. *Queren ir de vacacións e non atopan quen se lles faga cargo dos fillos. Xa cho dixen, quen os teña que os manteña.*
34. **Quen queira mal para ti a el halle caír.** Señala que o mal que se desexa para os demais sempre pode volverse contra un. *Teu sogro non quere deixarche o piso, non se decatará de que quen queira mal para ti a el lle ha de caír?*
35. **Quen te pareu que te manteña e se non que te venda.** Expresa desconformidade, incluso o rexeitamento, cara a unha persoa que resulta insoportable. *Xa me cansaches, estou farto de aturarte, quen te pareu que te manteña e se non que te venda.*
- Var.: Quen te pareu que te manteña, se non te quere manter que te leve á feira a vender.**
36. **Quen/ o que cala \*jode a quen fala.** Pondera o valor da discreción. *Para de barafustar e de falar que todo o mundo se \*enteira do que fas, do que dis... A ver se aprendes que o que cala \*jode a quen fala!*
37. **Se na \*Candelaria está a ventar, o inverno está a acabar, se chove e venta, inverno entra; que chova, vente ou deixe de ventar, medio inverno está por pasar.** Advirte de que -por riba das condicións meteorolóxicas que esa data presente- a Candelaria marca a metade da estación do inverno. *-Onte foi día da \*Candelaria e ventou; xa está acabando o inverno. - Si, ho! Se na \*Candelaria está a ventar, o inverno está a acabar; se chove e venta, inverno entra; que chova, vente ou deixe de ventar; medio inverno está por pasar. (V. 10).*
38. **Se no velorio do teu veciño non lle botas unha fecha de viño, o teu está en camiño.** Indica a obrigatoriedade de cumprir cos usos e normas de respecto por unha persoa finada. *Veña, enche aí unha cunca de tinto. Ou non sabes que se no velorio do teu veciño non lle botas unha fecha de viño, o teu está en camiño?*
39. **Se non casou con quen quixo, casou con quen atopou.** Critica as persoas que se resignan a soportar as penurias da existencia sen enfrontarse a elas. *Pobre María, non acabo de entender como pode soportar un xefe así. Hai xente que parece que a mirou unha bruxa. Xa se sabe, se non casou con quen quixo, casou con quen atopou.*

40. **Se queres viaxar sen diñeiro, faite mariñeiro.** *Iron:* Aconsella a alguén que se enrole de mariñeiro para viaxar sen pagar. *Gústache andar polo mundo? Se queres viaxar sen diñeiro, faite mariñeiro.*
41. **Se te vas marear, non vaías ao mar.** Aconsella non dedicarse a aquilo para o que non se serve. *Se non resistes traballar nas alturas, para que te fixeches encofrador, que se te vas marear, non vaías ao mar.*
42. **Sol de xaneiro, lobo no quinteiro.** Advirte que o tempo solleiro no inverno non é beneficioso para os cultivos. *Si, todo o que queira, moito sol, moito paseo, pero o sol de xaneiro, lobo no quinteiro, a ver que temos na colleita.*
43. **Traer e levar chámanlle carrexar.** Úsase para criticar a quen pide axuda e logo non valora o esforzo desenvolvido. *Fun á do meu sogro para axudarlle a mover uns bocois e ao final estivemos todo o día a fondalos... Sempre me embarca, pero con el xa se sabe, traer e levar chámanlle carrexar.*
44. **Uns aos pés, outros á cabeceira e a Virxe María pola derradeira.** Describe o xeito de arrombar moitas persoas para durmiren nunha mesma cama. *Aínda lembro como durmiamos os cativos na sala da casa de miña avoa naquela cama tan estreita: uns aos pés, outros á cabeceira e a Virxe María pola derradeira!* # Parodia de oración do momento de ir durmir.
45. **Verducedo, nin boa vaca nin bo becerro.** Descualifica a xente deste barrio moañés polo seu carácter pouco pacífico e fiable. *Maruxa é de alá de arriba, que lle queres; Verducedo, nin boa vaca nin bo becerro.* # A xente deste barrio utiliza a variante reivindicadora: **Verducedo, boa vaca e bo becerro.**
46. **Vodas e bauticeiros, que inviten primeiro.** Indica a necesidade de cumprir coas formas, normas e protocolos por non ferir susceptibilidades. – *Pero, por que non asistes ao acto? Participa o teu curmán.* – *Vodas e bauticeiros que inviten primeiro!*
47. **Xente do Cantodarea, xente de gran caldeirada, uns días todo e outros días nada.** Critica a falta de moderación a causa dunha actitude hedonista da vida. *Ti non te poñas a traballar, ti como a xente do Cantodarea, xente de gran caldeirada, uns días todo e outros días nada.* # Os habitantes da parroquia de San Xosé do Cantodarea (Marín) tiñan a consideración por outros veciños do concello de moi festeiros. **Var.:** **Xente do Cantodarea, xente de gran caldeirada, hoxe comémolo todo e para mañán non temos de nada.**
48. **Xente de Marín, xente do \*platiño, hoxe comemos un pouco e mañán outro pouquiño.** Critica a xente de Marín por demasiado cutre. – *Vou montar un negocio en Marín.* – *Ti verás pero xente de Marín, xente de \*platiño, hoxe comemos un pouco e mañán outro pouquiño.*

### 2.2.2. Fórmulas

1. **Agarrar a/da penoucheira.** Úsase como ameaza nunha disputa corpo a corpo entre mulleres. – *Mira, se che*

*parece caro o peixe, non mo compres, pero se me volves chamar ladroa agárrote da penoucheira e douche*

- unha tunda que non te coñece nin a nai que te pariu.* # A penoucheira é o pelo da pube feminina.
2. **Agora bótalle chuspe, a ver se pega.** Amoesta a quen estragou irremediabilmente algo. –*Caeume a fonte e fendeuse. –Xa che dixen que non a colleses. Agora bótalle chuspe, a ver se pega.*
  3. **Agora sópralle.** Reprende as crianzas que se lamentan dun dano físico que se produce despois de seren advertidas do probable risco. –*Como me doe a perna, que caín da bicicleta!* –*Estache ben, agora sópralle.*
  4. **Ai hoxe!... Hoxe e mais mañán!** Advirte de que se está a superar o límite do tolerable. –*Pero ti aínda estás na cama? Xa te chamei hai unha hora. –Ai hoxe!... –Hoxe e mais mañán!* # A expresión adoita ser empregada polas nais nas amoestacións aos fillos e fillas.
  5. **Ai, a cona da barrileira, que non ten testo nin ten tapadeira!** Mófase da torpeza ou ignorancia de alguén sen intención de ferir. –*Pero cortácheste escarapando patacas? Ai, a cona da barrileira, que non ten testo nin ten tapadeira!*
  6. **Aínda agora é agora.** Aconsella non impacientarse. *Xa estás a tremer cos exames e estamos en outubro. Aínda agora é agora.*
  7. **Alá chegaremos e xa miraremos.**
    1. Úsase para insistir en que o tempo confirmará a razón. –*Que ese petróglifo non está nas Abelairas, que é outro. –Alá chegaremos e xa miraremos.*
    2. Expresa que a persoa receptora acabará por ter a experiencia que agora padece a emisora. –*Parece que andas baldado. –Alá chegarás.* # 1. Con frecuencia úsase só a primeira parte. 2. A segunda acepción admite máis persoas verbais que a cuarta.
  8. **Alevanta a saia e baixa o cu.** Búrlase de quen acaba por realizar unha acción que lle desagradaba. –*Ao final chegoume un certificado e vou ter que ir arranxar o tema con Facenda. –Xa sabes, alevanta a saia e baixa o cu.*
  9. **Aparta, con, que te fundo.** Mostra, de modo arrogante, unha total seguridade nun mesmo. –*Nolo, axúdasnos a botar polo coche para acendelo? –Está visto que sen min sodes uns inútiles, aparta, con, que te fundo!* # En <https://pandulleiros.blogspot.com/2013/04/fraseoloxia-carcamana.html> aparece: “Aparta, laxe, que te fendo!”
  10. **Apostar e calar.** Úsase para retar a alguén. –*Este cordón de viña hanos dar máis de sete canados de viño. –Ha de ser menos. –Pois apostar e calar.* # Desafío que só se realiza cando se ten a absoluta certeza de gañar.
  11. **Aquí o máis parvo vale para alcalde.** Expresa que mesmo as persoas menos dotadas poden chegar a ocupar cargos. –*Mira para o fillo da Muchiña, non estudou nada e agora gaña cartos coma a area vendendo ourizos. –Aquí o máis parvo vale para alcalde.*
  12. **Arregala os ollos e arregáñame o dente.** Remata unha conversa tensa cun interlocutor que está incómodo. *Xa non te quero aturar máis; agora arregala os ollos e arregáñame o dente.*
  13. **Bendigo eu, que non digo misa.** Úsase para impoñer autoridade. *Tanto me ten o que digades, aquí bendigo eu, que non digo misa.*
  14. **Caerlle os nenos da cama [a alguén].** Úsase par invitar a alguén a non



- marchar aínda. *Non sei que présa tes. Cáenche os nenos da cama?*
15. **Cagarse na pasteca de proa/de popa.** Expresa rexeitamento, contrariedade ou enfado. –*Me cago na pasteca de proa! Non dou rematado este choio nin a paus.*
16. **Cago no cabo dunha rabisa!** Expresa rabia ou frustración. –*Cago no cabo dunha rabisa! Este vento non nos deixa recoller o aparello con tranquilidade.*
17. **Cago nos \*clavos dunha porta vella!** Manifesta enfado ou frustración ante un fracaso non esperado ou fortuíto. *Cago nos \*clavos dunha porta vella! Con este frío non me medrou a masa e non hai quen coma o biscoito.*
18. **Caíche, larache, que tunda levache!** Celebra, sen malicia, o éxito dun engano ou broma. –*Neno, xa fixeches os deberes? –Si, mamá. –E como puidiches facelo se che teño eu o libro. Caíche, larache, que pau levache.* # 1. Ao pronunciarse, márcase o ritmo, como nunha cantarela. 2. Existen variantes rexistradas como *Picaches, laraches, que tunda levaches!* (Alcalá, 1971; Álvarez Cáccamo, 2004). 3. A serie *caíche /larache /levache (caíches/ laraches/levaches)* ou *picaches/ laraches/levaches* parece remitir a tres verbos. Os dicionarios non rexistran *larar* mais si *larear* no sentido de “charlatanear” e outros da mesma raíz: *laretar, larapetar* etc. A maiores, *ser unha laracha* aparece en Franco Grande (1972) como “ser un fanfarrón”.
19. **Caldo, caldiño, caldallo e caldaretallo.** Consta a degradación producida polo tempo nun alimento e, por extensión, en calquera cousa. *Pero aínda fixeches empanada coa carne do cocido? Mímadriña, caldo, caldiño, caldallo e caldaretallo!* # En ocasións úsase para protestar polo aproveitamento excesivo dos alimentos. No blog “Parucadas. Un dialecto vivo en Baiona” (Anónimo, 2012) cítase a expresión *¡Caldo, caldiño, caldallo, caldaretallo!* co significado de ‘Con gracia, al servir el caldo o al hablar de él’.
20. **Cando fala(n) baixan todos os santos do ceo.** Úsase para caracterizar unha persoa mal falada que xura con blasfemias. –*Mi madriña, como está Ricucho, o que tal bota por esa boca! –Si, cando el fala baixan todos os santos do ceo.*
21. **Casar casa o cura.** Úsase para responderlle a alguén que fala do casamento sen darlle a transcendencia que ten, especialmente a xente nova. *Ti moito falas, pero casar casa o cura, o caso é que logo hai que convivir e non é tan doado.*
22. **Coidado coas carteiras!** Úsase para saudar cordialmente a unha persoa simulando advertir da súa perigosidade. –*Oi, aí ven o Luís! Coidado coas carteiras!* # Co mesmo valor empréganse outras antífrases, como “Eilo!” e “Ese home!” (V. 33, 37 e 72).
23. **Coller [alguén] pola capeleira.** Ameaza cun correctivo violento. *Mira ben o que che digo, se me fas outra trasnada coma esta, cóllote pola capeleira.* # Diríxese habitualmente ás crianzas.
24. **Con quen casamos a filla!** Comenta a pouca valía ou malas calidades das persoas coas que nos relacionamos. –*Todo o día sen mirarvos facer nada. Todo o teño que amañar eu. Ai, con quen casamos a filla!*
25. **Con quen xanta non merenda.** Crítica a unha persoa pouco fiable por non ser

- estable nas súas relacións. *Ti aínda lle fas caso a Seso, non miras que con quen xanta non merenda?*
26. **Da \*frente á paxareta para que o demo non se me meta.** Expresa gran sorpresa ou incredulidade ante o que se acaba de oír. –*Seica o teu veciño vai mercar un coche de 50.000 euros.* –*Da \*frente á paxareta para que o demo non se me meta.* **Var.: Da testa á paxareta para que o demo non se meta.** # Utilízano as mulleres acompañadas do xesto utilizado para persignarse, sinalando a zona xenital en lugar do peito.
27. **De aquí á loura, vacaloura.** Indica que falta moito tempo para que aconteza algo. *Xa andas a pensar nas vacacións de verán en xaneiro? Ala, que de aquí á loura, vacaloura.*
28. **Dicir misa e non ser cura.** Descualifica a autoridade moral ou intelectual de alguén. –*O locutor dixo que as vacinas non valen para nada.* –*Si, calquera di misa e non é cura.*
29. **\*Dios a dá!** Indica que chove moi copiosamente. –*Chove moito? – Moitísimo, \*Dios a dá!* # V. 38.
30. **\*Dios o deixe ir!** Expresa alivio ante a morte dunha persoa á que se lle mostra pouco aprecio. –*Seica morreu o Antonio da Pena.* –*\*Dios o deixe ir!* **Var.: \*Dios o mire ir!**
31. **\*Dios o pague, que é miolo!** Expresa satisfacción polo que se acaba de comer. –*Ai, como prestou este caldiño quente, \*Dios o pague, que é miolo.*
32. **\*Dios o teña na Gloria... e de alí que non volva!** Mostra pouco aprecio por unha persoa que acaba de morrer. –*Disque morreu o Ramón da Carballeira.* –*\*Dios o teña na Gloria... e de alí que non volva!*
33. **Dóche a cabeza? \*Señal de riqueza.** *Iron.:* Responde a quen se queixa de dor de cabeza. *Se hai que ir facer o traballo, vaixe. Que che doe a cabeza? \*Señal de riqueza.*
34. **E mañán vés!** Emprégase para dar por rematada unha conversa á que non se lle ve unha saída razoable. *O alcalde contouche a ti que o trazado da rúa non pasa por aquí. Vaille co conto a outro. E mañán vés!*
35. **É o fillo que tes/ten!** Réstalle importancia a un gasto elevado ou superfluo. *Se mercou un coche caro fixo ben, é o fillo que ten.* # Aplícaselles ás persoas sen cargas familiares.
36. **Eilo!** Úsase para saudar cordialmente a unha persoa simulando advertencia. –*Á eu cruzar o semáforo cando sentín atrás miña “Eilo! Eilo vén!”.* *Vireime e era María.* # Mesmo valor e utilización que *Coidado coas carteiras!* e *Ese home!* (V. 22, 37 e 72).
37. **Ese home!** Úsase para saudar cordialmente a unha persoa simulando advertencia. –*Como ía pasar sen mirarme, chamei por el berrándolle: “Ese home!”* # Mesmo valor e utilización que *Eilo!* e *Coidado coas carteiras!* (V. 22, 36 e 72).
38. **Está que \*Dios a bot!** Indica que chove copiosamente. –*Mimá, como chove! Está que \*Dios a bot!* **Var.: Está que \*Dios o botou!** # V. 29.
39. **Estar o demo a facer trompos.** Expresa sorpresa cando alguén realiza unha acción positiva que non se agardaba. *O teu fillo a limpar a cociña? Debe de estar o demo a facer trompos.*
40. **Facerse o parvo como o can do Ginio.** Censura a conduta de alguén que se fai o despistado e non lles fala

- aos demais. –*Que non che falou? O normal nel, sempre se fai o parvo como o can do Ginio.*
41. **Fala ti, Loliña, que acabas máis logo.** *Iron.:* Úsase para ceder a quenda de palabra a quen mostra un exceso de protagonismo. *Xa que tantas ganas tes de que oíamos, fala ti, Loliña, que acabas máis logo.* **Var.:** *Fala ti que a min dáme a risa.*
42. **Fálame sempre!** Anima a unha persoa a que saúde ou a que continúe a relación no futuro. –*Fálame sempre, eh! Que vas cunhas présas que nin ves os amigos.* # Emprégase con persoas de confianza.
43. **Fame que espera fartura non é fame, é ganas de comer.** Úsase para calmar ou conformar os nenos impacientes por comer. –*Que fame me está entrando... –Ben podes agantar, que fame que espera fartura non é fame, é ganas de comer...* #Aínda que a primeira parte é unha forma moi estendida en toda Galicia, a última proposición singulariza a forma empregada no Morrazo.
44. **Fariña gorda por pouco diñeiro será \*verdá, pero eu non o creo.** Úsase para criticar e mostrar desconfianza diante dun relato ou situación que xera moitas dúbidas. –*Comprei unhas centolas a tres euros o quilo. –Fariña gorda por pouco diñeiro será verdá, pero eu non o creo.* # En Rodríguez González (1958) aparece a forma “galiña gorda e por pouco diñeiro, non pode ser, compañeiro”. Na páxina da Wikipedia: “A galiña na cultura popular galega” recóllese a forma: *galiña gorda por pouco diñeiro... ou está choca ou morreu no poleiro.*
45. **Fe en \*Dios e ferro a fondo.** Úsase para indicarlle a alguén que siga o camiño sen desviarse. –*Por onde vou? –Ti, fe en \*Dios e ferro a fondo, non te desvíes e xa chegas.* # No *Diccionario de Fraseoloxía galego-castelán*, aparece *darlle ferro a fondo/ata as entrañas* como ‘referente a un coche, pisarlle o acelerador’.
46. **Follón a min.** Úsase en forma de saúdo pola veciñanza de Verducedo para reivindicar o seu carácter e a súa pertenza á zona. *Ei, Pepe, follón a min!* # Existen varias hipóteses sobre a orixe, ambas relacionadas coa inscrición nunhas camisetas que serigrafaran un grupo de mozos deste barrio moañés nos anos 80. Uns din que eran afeccionados á música *heavy* que buscaban seguidores deste estilo e outros, que era a recreación cómica do título dun programa televisivo no que se ensinaba inglés (*Follow me*), co que se amosaba o orgullo de estaren sempre involucrados nas liortas que se producían entre a mocidade da vila.
47. **Hai que ir morrendo!** Expresa desexo de saúde a unha persoa. –*Que Tucho? Hai que ir morrendo!* # Trátase dunha antífrase, entre persoas con complicidade mutua.
48. **Haiche cada carallo que na man crece e no cu esmorece!** Expresa sorpresa ante un suceso ou relato fóra do común. *Pedro chamou para arranxar o tellado e botáronllo abaixo. Haiche cada carallo que na man crece e no cu esmorece!* #Adoita usarse a exclamación acurtada “Haiche cada carallo!”.
49. **Inda que tardes, ven cedo!** Desexa que unha persoa volva axiña. –*Avoa,*

- marcho para Santiago. – Pois inda que tardes, ven cedo.*
50. **Ir comer as moscas [a alguén].** Incita a unha persoa á actividade. *Veña, acabemos dunha vez de arrancar as patacas que nos van comer as moscas. Var.: Ao que queda parado cómeno as moscas.*
51. **Ir vendelas á feira.** Mostra rexeitamento a quen ten un discurso cheo de exaxeracións ou mentiras. *–Hoxe pesquei unha robaliza duns cinco quilos. –Mira, Nardo, vainas vender á feira.*
52. **Ir lle trabar [algo a alguén].** Censura ou ridiculiza a persoa que mostra reparo ou negativa inxustificada a realizar unha acción. *–Desde que temos o coche novo aínda non o collín. –Ai, muller, vaiche trabar? Var.: A ver se che/lle... traba.*
53. **Iso dá tres días antes (de morrer).** *Iron.:* Responde a alguén que adoita queixarse de doenzas leves. *–Non sei que teño que non me presta a comida. –Si, home, iso dá tres días antes. Var.: Iso pasa na véspera da morte.*
54. **Levar os porcos atados ao mercado.** Recalca a pestilencia dunha ventosidade. *Mimadriña, co que acabas de largar levas os porcos atados ao mercado.*
55. **Mete o dedo no cu e sopra.** Critica a quen se arrepite despois de cometer un erro. *Só a ti se che ocorre preguntarlle polo home, que acaba de marcharlle con outra. Agora mete o dedo no cu e sopra.*
56. **Nin vai aire nin asubía o vento, quen me puxa por dentro?** Acompaña a expresión dunha intuición. *–Oi, oi, oi! Aquí vai pasar algo gordo, dígocho eu!*
- Nin vai aire nin asubía o vento, quen me puxa por dentro?*
57. **Non botes soberbias que antes duraban anos e agora tardan días.** Advirte que canto se faga dende a arrogancia pode reverter na nosa contra. *–A min aínda non naceu quen mas dea. –Cala home, non botes soberbias, que antes duraban anos e agora tardan días.*
58. **Non hai nin pan nin fariña por onde ti andas.** Ter [unha persoa] os ósos moi marcados nos cadrís por estar extremadamente delgada. *Mimadriña, pasácheste moito coa dieta, non hai nin pan nin fariña por onde ti andas.*
59. **Non me amarres a ovella á estrema que me come o \*alambre de pico.** Solicítaselle a alguén que deixe de amolar. *Non sei como dicirche que me deixes a cabeciña tranquila. Anda, non me amarres a ovella á estrema que me come o \*alambre de pico.*
60. **Non me deas a razón, dáme un rizón que aínda fondeo.** Advirte de que alguén non se deixa enganar. *Nin ti cres que ese coche vale 10.000 €. Non me deas a razón, dáme un rizón que aínda fondeo.*
61. **Non me toques no/o que non teño.** Solicítalle á persoa interlocutora que deixe de molestar. *Mira, neno, devólveme os cartos e non me toques no que non teño.*
62. **Non perdas medo.** Úsase para tranquilizar unha persoa. *–Non te esquezas de que mañá tes vez co médico. –Non perdas medo, pola conta que me ten, alí estarei a primeira hora xa.*
63. **O que/Quen os pariu que os lamba.** Expresa que a persoa que teña fillos debe coidalos e non pretender delegar

- noutras persoas ese labor. *Sabes que che digo? O que os pariu que os lamba, non tes por que cargar a túa tía cos teus fillos, e menos para ir de festa.* #**Var.: Quen pariu que abane.**
64. **Ovella, viches o año.** *Iron.:* Evidencia que alguén chegou tarde ou deixou pasar unha boa oportunidade. *–Onde vai o anaco de torta que deixei na neveira? –Ovella, viches o año.*
65. **Persígnome coa man esquerda.** Emprégase para mostrar incredulidade. *–Ave María Purísima, pero de verdade que foi capaz de roubarlle a un neno? Persígnome coa man esquerda.* # Acompáñase sempre co xesto de facer o sinal da cruz coa man esquerda.
66. **Peta na boca.** Pídelle a alguén que mostre discreción no seu discurso. *–A xente agora non sabe como educar os fillos, téñenos tirados de calquera xeito. –Peta na boca, muller, non miras que ti aínda estás a criar? Var.: Hai que petar na boca porque [che] chove nela.*
67. **Ponte/Vente para a sombra que para o sol xa te chama a veiga.** Aconsella protexerse do efecto dos raios solares cando son moi intensos. *Non sei como aguantas con ese sol. Vente para a sombra que para o sol xa te chama a veiga.*
68. **Por facerlles bocas ás machadas.** Emprégase para responder a quen pregunta o porqué dun castigo obvio. *–Por que me botas da clase, se eu non fixen nada? –Por facerlles bocas ás machadas.*
69. **Que \*Dios non mande todo o que o corpo aganta.** Aconsella resignarse diante dun mal. *–En pouco tempo de nada separouse, quedou sen traballo e perdeu a casa. –Mimadriña, como ha de estar? Que \*Dios non mande todo o que o corpo aganta.*
70. **Que cho reparta o corpo.** Desexa que preste un alimento. *–Marcho, que teño unha corrobda de cocochas. –Que chas reparta o corpo.*
71. **Que tape o cono coa boca, que o ten como todas.** Censura a actitude dunha muller que pretende aparentar exquisitez. *Mira muller, vén botar as patacas con manicura e lentes de sol, pois que tape o cono coa boca, que o ten coma todas.* # **Var.: Que tape o cono coa boca, que o ten como as demais.**
72. **Quietas as pistolas!** Úsase para saudar cordialmente a unha persoa simulando advertir da súa perigosidade. *–Quietas as pistolas! Aí chegou, xa estamos todos.* (V. 22, 36 e 37).
73. **Regarlle [a alguén] os pés.** Constata a elevada estatura de alguén. *–Ese home era tan alto que tiña que agachar a cabeza para pasar pola porta. –Si, a ese regámoslle os pés.*
74. **Saca o cabalo da chuva!** Insinúa a fealdade extrema dunha muller. *Nolito, viñeches acompañado? Pois saca o cabalo da chuva, ho!* # A expresión adoitaba dirixirse disimuladamente ao acompañante dunha muller pouco agraciada. A expresión alude ao mal aspecto que tiñan as crinas dos cabalos cando estaban molladas.
75. **Sáúche a barriga/tripa cagueira?** Amoesta as crianzas cando choran moito e sen razón xustificada. *–Ai, saúche a barriga cagueira? Deixa de chorar dunha vez.*
76. **Salto de can, pincho de lebre, levantade o vaso e bebede.** Úsase para brindar. *Creo que é o momento de desexarlle sorte ao anfitrión, así que*

- salto de can, pincho de lebre, levantade o vaso e bebede. Var.: Salto de can, pincho de lebre, mirade para (nome propio) como bebe.* Nesta variante, quen fai o brinde engade o seu propio nome.
77. **Se así o quer, así o vai ter.** Expresa unha actitude decidida de confrontación diante de quen se mostra intransigente e non se avén a conciliar. *Mira para el, sempre levando a contraria, mais se así o quer, así o vai ter!*
78. **Se non foi de enfermo, foi de repente.** Responde a quen quere coñecer os detalles morbosos do falecemento de alguén. *–E como foi que morreu a túa veciña Pura, se estaba coma un buxo? –Non che sei, se non foi de enferma, foi de repente.*
79. **Ser as X (horas) xustas e batidas.** [Respecto dunha hora] momento exacto en que se cumpre. *Son as tres xustas e batidas. #* Sempre se usa en plural.
80. **Tataratona, tataratona, bótalle un chavo de aceite na cona.** Critica agarimosamente a torpeza de quen non atendeu as indicacións ou advertencias. *–Tráioche sal tamén? –Tataratona, tataratona, bótalle un chavo de aceite na cona. Ti oes o que che digo ou que? Xa che dixen que sal e mais tamén fariña e ovos. Sempre che teño que estar a repetir as cousas. #* Trátase dunha cantadela con ritmo de muiñeira.
81. **Ter fame, sono ou gana de cono.** *Hum.:* Úsase para indicar que alguén bocexa. *Ábreseche a boca, logo é que tes, fame, sono ou gana de cono. Var.: fame ou sono ou ruindá do dono e fame ou sono ou chata do dono* en López Taboada e Soto Arias (1995)
- e fame, sono ou defecto do dono** en Martínez Seixo (2000).
82. **Tes frío? Pois pon a capa do teu tío.** *Hum.:* Responde a quen se queixa continuamente de frío. *Para xa, levas toda a tarde rosmando, se tes frío, pon a capa do teu tío.*
83. **Toca a buxán!** Aconsella desconfiar de algo que pode resultar falso ou equívoco. *–Pero vas volver deixarlle cartos ao teu cuñado? Mal asunto, toca a buxán.*
84. **Todo o mundo ten un ollo do cu que lle cheira.** Censura a quen adoita criticar as tachas das demais persoas sen reparar nas propias. *–Alá vai Catuxa, sempre tan amañada. A saber como ha de ter esa casa! –Pois estará como a túa, porque todo o mundo ten un ollo do cu que lle cheira.*
85. **Tururú, tururú, miña gaita.** Indica que non se confía no que outra persoa mantén. *–Xa sei que non me vas crer, pero mañá tráioche o que me emprestaches o ano pasado. –O de sempre, tururú, tururú, miña gaita.*
86. **Un home é un home, un gato (é) un bicho e un pau, un garabicho/garabizo/gar(a)bullo.** *Iron.:* Úsase para animar un home. *Moi ben, así se xoga, un home é un home, un gato é un bicho e un pau un garabullo. Var.: Un home é un home, un gato é un bicho e a muller un carrapicho. #* A expresión “un home é un home e un gato é un bicho” aparece documentada en Zamora Vicente (1972) e en Martínez Seixo (2000); a forma “un home é un home (e un gato un micho)”, en López Taboada e Soto Arias (2008); e a unidade “un home e un home e un gato é un bicho (se non lle cortan o

rabo, que entón é rabicho)”, en López Taboada e Soto Arias (2020).

87. **Veña \*Dios/\*Jesús e comamos e non veñan máis dos que estamos.** *Iron.:* Úsase para bendicir a mesa desexando que se goce da comida e que non apareza ningún outro comensal. *Vinde á mesa que xa está a caldeirada. Veña \*Jesús e comamos e non veñan máis dos que estamos.*
88. **Vir aos baños.** Reprocha a actitude de quen non se implica. *Mira, Paulo, ti non pensas botar unha man aquí ou que? Seica viñeches aos baños?*

### 2.2.3. Dialoxismos

1. **Cada un chora por onde o sinte, dixo a vella a mexar.** Valora a capacidade de adaptación fronte á adversidade. *–Mira ti que parva é Lola, como suspendeu o carné de conducir agora non quere ir en coche. –Pois tan parva non é, xa sabes que cada un chora por onde o sinte, dixo a vella a mexar. #* Pódese alterar a orde da frase: **Dixo a vella a mexar, cada un chora por onde o sinte.**
2. **Xa que non comes, bebe, bebe, dixo a vella a lavar a cona.** Aconsella buscar a parte práctica da vida. *–Fun ás robalizas e non collín máis que unha molladura. –Pois agora xa que non comes, bebe, bebe, dixo a vella a lavar a cona.*

89. **Xa a fixeches, \*fogonero!** Reconven a alguén a quen lle apoñemos ter actuado mal. *–Iso xa o miraba eu vir! Xa a fixeches, \*fogonero!*

90. **Xa pasaron as leiteiras.** 1. Critica unha actitude lingoreteira. *–Non me veñas con máis contos. Xa miro que xa pasaron as leiteiras.* 2. Apoia unha chamada á actividade. *–Érguete, ho, que xa pasaron as leiteiras! #* A segunda utilización está constatada noutras recolleitas, por exemplo, na de Feixó Cid (2007)

### 3. Informantes

Abalde Omil, Francisca  
Aguete Curra, Rafael  
Aguete Iglesias, Alba  
Aldao Portas, Manuel  
Álvarez Paredes, Rosa  
Álvarez Raris, Rosa  
Briones Viceiro, Isabel  
Cabada Álvarez, Rosa  
Carballo Pérez, Isabel  
Casás Mariño, Francisco  
Castro Otero, Laura  
Castro Otero, Xabier  
Castro Rúa, Salvador  
Cerqueiro Grandal, Josefa  
Costa Martínez, Pablo  
Costas Currás, Xosé Daniel  
Diz Tilves, Consuelo  
Entenza Rodríguez, Ana Isabel  
Entenza Rodríguez, Eugenia  
Farto García, Carmela  
Fernández Martínez, Marina  
Ferradás Carballo, Cristina  
Figueiro Touceda, Óscar  
Figueroa Pérez, Manuela  
Gago Otero, Marcos  
García González, Martina  
García Ruibal, Dorinda  
González Figueroa, Enrique  
González Gómez, M<sup>a</sup> del Carmen  
Guimeráns Gallego, Pilar  
Gutiérrez Estévez, Agustín  
Harguindey Barrios, Breixo  
López Pidre, Manuel  
Lorenzo Gómez, Mar  
Millán Liméns, María Elvira  
Montes González, Manuel  
(Manel o Caxico)  
Moreira García, José Luís  
Novas Castro, Enrique  
Núñez Chapela, Paola  
Otero Acevedo, Ramona  
Otero Loira, Jaime  
Otero Loira, Teresa  
Otero Pérez, Manuel  
Otero Ruíz, Anxo  
Paredes Juncal, María  
Pazos Abalde, Emma  
Pazos Lameiro, José  
Pazos Pazos, José Antonio  
Pazos Rosales, Ramona  
Peón Silva, María Lorena  
Pidre Guimeráns, Carmen  
Piñeiro Bastón, Manuel  
Piñeiro Piñeiro, Pepita  
Piñeiro Torres, Victoria  
Portabales Cereijo, Benito  
Poses Sobral, Alba  
Ríos Riobó, M<sup>a</sup> Rosa  
Ríos Santomé, María del Carmen  
Ríos Santomé, José  
Rivas Torres, Maite  
Rodríguez Peón, Lara  
Rodríguez Piñeiro, Roberto  
Rodríguez Veiga, Francisco  
(Paco o Suruco)  
Rosales Barcia, Francisco  
Rúa Gayo, Carlos  
Rúa Pena, Fernando  
Sanmartín Rey, Ángeles  
Santomé Rosales, María  
Sobral Santamarina, Amelia  
Sotelo Martínez, Fernando  
Tenorio González, Paula  
Tilves Guimeráns, Fernando  
Tilves Guimeráns, Francisco  
Tilves Guimeráns, M<sup>a</sup> Carmen  
(Marita de Lemos)  
Torres Iglesias, Rosa  
Torres Mouriño, María Luz



#### 4. Referencias bibliográficas

- ALCALÁ, Xavier (1971): “O estudante. Apuntes para un romance”, en *Grial*, 33. Vigo.
- ALONSO ESTRAVÍZ, Isaac (1986a): *Diccionario da Língua Galega*. Madrid: Alhena Ediciones.
- (1986b): *Diccionario da Língua Galega*. [Recurso electrónico]. En <https://estraziv.org/> [Última consulta: 30/07/2021].
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, Celso (2004, 3 de novembro): “Polo menos perdeu Kerry”, en *Vieiros*.
- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): “Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas”, en *Cadernos de fraseoloxía galega*, 4, 1-26.
- ANÓNIMO (2012): *Parucadas, un ‘dialecto’ vivo nacido en Baiona*, en <http://parucadas.blogspot.com/> [Última consulta: 30/07/2021].
- CARBALLEIRA ANLLO, Xosé María (coord.) (2004): *Diccionario Xerais da Língua*. Vigo: Xerais.
- (2009): *Gran Diccionario Xerais da Língua*. Vigo: Xerais.
- CASTRO OTERO, Salvador et al. (2005): *Unha maré de palabras*. Bueu: Museo Massó.
- (2012): “Outros lances nos laños do Morrazo. Nova recollida de unidades fraseolóxicas”, en *Cadernos de fraseoloxía galega*, 14, 273-286.
- (2017): “Botando unhas liñas no mar do Morrazo”, en *Cadernos de fraseoloxía galega*, 19, 127-150.
- FANDIÑO MARTÍNEZ, Antonio Benito (1968): “A un don Tomás”, en *Sal e pementa. Escolma de epigramas*. Colección: O Moucho. Vigo: Edicións Castrelos.
- FEIXÓ CID, Xosé (coord.) (2007): *Diccionario fraseolóxico castelán/galego e correspondencias galego/castelán*. Vigo: Galaxia.
- FRANCO GRANDE, Xosé Luís (1997): “Engadidos inéditos ó Diccionario galego-castelán”, en SANTAMARINA, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de Dicionarios*. Versión 3. Disponible en <http://sli.uvigo.es/DdD/> [Última consulta: 30/07/2021].
- GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.) (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. Disponible en <https://academia.gal/diccionario> [Última consulta: 30/07/2021].
- GONZÁLEZ GUERRA, Anxo (2010): “Fraseoloxía e paremioloxía de Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo)”, en *Cadernos de fraseoloxía galega*, 12, 289-315.
- LÓPEZ TABOADA, Carne e SOTO ARIAS, María do Rosario (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*. A Coruña: Galinova.
- (2008): *Diccionario de Fraseoloxía Galega*. Vigo: Xerais.
- (2020): *Diccionario de fraseoloxía galego-castelán-galego*. Vigo: Xerais.
- MARTÍNEZ SEIXO, Ramón Anxo (2000): *Diccionario fraseolóxico galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- PARCERO, Serafin (2021): *As illas dos deuses*. Vigo: Xerais.
- RAE = Real Academia Española (2014): *Diccionario de la lengua española*. Disponible en <http://dle.rae.es/?w=diccionario> [Última consulta: 30/07/2021].

- RIVADULLA, Viki (2016): *Proxecto buxerana*. Disponible en <http://proxectobuserana.blogaliza.org/lingua/> [Data de consulta: 30/07/2021].
- RIVAS, Elixio (1998): “Frampas II: contribución al diccionario gallego”, en SANTAMARINA, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de Dicionarios*. Versión 3. Disponible en <http://sli.uvigo.es/DdD/> [Última consulta: 30/07/2021].
- RIVAS, Paco (2005): *Diccionario fraseolóxico do mar*. Vigo: A Nosa Terra.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958): *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*. Vigo: Galaxia.
- SANTAMARINA, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de Dicionarios*. Versión 3. Disponible en <http://sli.uvigo.es/DdD/> [Última consulta: 30/07/2021].
- VV.AA. (2016): *Biblioteca fraseolóxica y paremiolóxica*. Disponible en <http://dle.rae.es/?w=diccionario> [Última consulta: 30/07/2021].
- (2011): *Superdiccionario Castelán-Galego*. Cangas: Morgante.
- (2020): “A galiña na cultura popular galega”, en *Wikipedia*. Disponible en [https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=A\\_gali%C3%B1a\\_na\\_cultura\\_popular\\_galega&oldid=5528904](https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=A_gali%C3%B1a_na_cultura_popular_galega&oldid=5528904) [Última consulta: 30/07/2021].
- ZAMORA MOSQUERA, Federico (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia.